



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### BERGONDO

##### Intervención

*Aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de taxi do Concello de Bergondo e publicación do seu texto íntegro*

##### ANUNCIO

Durante a exposición ó público do acordo provisional que adoptou o Pleno na sesión que tivo lugar o día 26 de setembro de 2024, sobre a “Modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de taxi do Concello de Bergondo”, non se presentaron alegacións polo que o acordo de aprobación provisional quedou definitivamente aprobado.

Por todo iso, publícase integramente a modificación da Ordenanza para os efectos establecidos no artigo 17.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, mediante o que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais:

##### “ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE TAXI DO CONCELLO DE BERGONDO

Artigo 1.- Fundamento e Natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 71985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade có disposto nos artigos 15 a 19, e 20.4 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), este Concello establece a “Taxa por licenzas de taxi do Concello de Bergondo”, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, da que as súas normas atenden ó previsto no artigo 57 do citado TRLRFL.

Artigo 2.- Feito imponible.

Constitúen o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos e a realización das actividades que, en relación coas licenzas de taxi a que se refire a Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e o Decreto 103/2018, de 13 de setembro polo que se aproba o seu regulamento, sinalándose as seguintes:

- a) Concesión, expedición e suspensión de licenzas de taxi.
- b) Autorización para transmisión de licenzas de taxi cando corresponda o seu outorgamento, conforme a lexislación vixente.
- c) Autorización para substitución dos vehículos afectos ás licenzas, ben sexa este cambio de tipo voluntario ou por imposición legal.
- d) Visado dos títulos habilitantes

Artigo 3.- Suxeito Pasivo.

Están obrigados ao pago da taxa, en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que dispoñan ou podan dispor dos títulos habilitantes precisos para a prestación de servizos de transporte público de persoas en vehículos de turismo, e en concreto:

1. A persoa ou entidade a cuxo favor se outorgue a concesión ou expedición da licenza de taxi, ou en cuxo favor se autorice a suspensión ou transmisión da mesma.
2. A persoa titular da licenza de taxi cuxo vehículo sexa substituído, así como no caso de visado de título habilitante.

Artigo 4.- Responsable.

Responderán solidaria e subsidiariamente de este tributo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41, 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.- Cota Tributaria.

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do servizo ou actividade, de acordo con a seguinte tarifa:

- a) Concesión, expedición e suspensión de licenza de taxi: 700,00 euros

b) Autorización para transmisión de licenzas de taxi tanto inter vivos como mortis causa: 700,00 euros

c) Substitución de vehículos: 35,00 euros

d) Visado de título habilitante: 35,00 euros

Artigo 6.- Exencións e Bonificacións.

Non se concederá exención ou bonificación algunha no pago da Taxa.

Artigo 7.- Pagamento.

1. Devéngase a taxa e nace a obrigaçión de contribuír, nos casos sinalados nas letras a), b) e c) do artigo 2º, na data en que este Concello conceda e expida a correspondente licenza, autorice a súa transmisión ou acorde a súa suspensión ou a substitución do vehículo.

2. Cando se trate da prestación dos servizos de visado de título habilitante, a taxa devengarase no momento en que se inicie aquela prestación, entendendo, para estes efectos, que esta iniciación se produce coa solicitude dos mesmos.

Artigo 8.- Declaración de Ingreso.

1. A relación das actividades e a prestación dos servizos suxeitos a esta taxa levarán a cabo a instancia de parte.

2. Todas as cotas serán obxecto de liquidación para ingreso directo, unha vez concedidas as licenzas ou autorizacións de que se trate e realizados os servizos solicitados, procedendo os contribuíntes ao seu pago no prazo establecido polo Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 9.- Infraccións e Sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto no establecido na normativa tributaria

Disposición Final.

A presente Ordenanza fiscal, entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, quedando derogada toda a normativa anterior."

Faise constar igualmente que contra o acto de aprobación definitiva, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da xurisdicción contencioso-administrativa, de conformidade co disposto nos artigos 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, no prazo de dous meses que contan a partir do día seguinte ó da publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia, segundo o artigo 46.1 da citada Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Bergondo, 25 de novembro de 2024

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez

2024/8473